

POR UNS SERVIZOS PÚBLICOS CHEOS DE ORGULLO 28X DE 2023

Conscientes da importancia de garantir uns servizos públicos cheos de orgullo, desde UGT Servizos Públicos traballamos cada día para o avance dos dereitos LGTBI nas administracións públicas. Por iso no noso ámbito de actuación comprometémonos a:

1.- NEGOCIACIÓN COLECTIVA INCLUSIVA

Incluimos nos convenios colectivos medidas para garantir a igualdade efectiva das persoas LGTBI. Garantindo que os permisos familiares teñan en conta as distintas definicións de familia e parellas que inclúen ao colectivo LGTBI, uso de linguaxe inclusiva e cláusulas relativas á vixilancia da saúde nas que se teña en conta a perspectiva respecto ás persoas LGTBI.

2.- RECURSOS, INFORMACIÓN E FORMACIÓN

Facilitamos información e formación nos centros de traballo ás e ós representantes persoas traballadoras sobre a realidade e necesidades das persoas LGTBI, co obxectivo de lograr a implementación e o seguimento das medidas que fan efectiva a igualdade de oportunidades e a non discriminación. É prioritario facilitar estes recursos para poder actuar e así garantir a non discriminación das persoas LGTBI na contorna laboral, fundamentalmente a través de protocolos especializados.

3.- CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

Defendemos un estado de benestar que garanta os mesmos dereitos e oportunidades de todas as persoas de forma que é esencial a realización de campañas de sensibilización, información e prevención de calquera forma de discriminación ás persoas LGTBI.

4.- CONMEMORACIÓN DO DÍA DO ORGULLO 28 DE XUÑO E O DÍA CONTRA A LGTBIFOBIA 17 DE MAIO.

Necesitamos un cambio cultural, coñecer a historia, dispoñer de información e contar tamén con relatos en positivo da comunidade LGTBI que nos permitan ter referentes e construír a realidade exercendo dereitos reais de cidadanía.

5.- DIGNIFICAR AS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DAS PERSOAS LGTBI

Promovemos un cambio cultural nas administracións públicas e empresas dirixidas a eliminar os obstáculos que impiden o acceso ao emprego e a igualdade de oportunidades no desenvolvemento das traxectorias profesionais das persoas LGTBI. Prestamos especial atención aos factores de discriminación múltiple como a orixe, a etnia, a discapacidade ou a idade entre outras cuestións.

6.- PREVENCIÓN, ACTUACIÓN E RECURSOS ANTE TODA DISCRIMINACIÓN LGTBIFÓBICA

Reclamamos un sistema de actuación e coordinación integral con recursos públicos, dotados de orzamentos e cadros de persoal especializados, que poidan desenvolver tanto a prevención, como a atención, o seguimento e procesos de recuperación das vítimas de discriminación LGTBifóbica.

7.- MÁIS RECURSOS E MEDIOS SINDICAIS PARA AVANZAR NOS DEREITOS LGTBI

O sindicalismo é un espazo central para a defensa dos dereitos laborais e sociais, sobre todo, é un mecanismo colectivo que permite alcanzar un desenvolvemento sostible e igualitario. Reclamamos recursos e medios para situar os dereitos LGTBI de forma transversal na negociación colectiva e no diálogo social, de modo que sexa posible impulsar as oportunas medidas para garantir a igualdade real e efectiva das persoas LGTBI, a través de ferramentas como os Plans de Diversidade e os Protocolos Específicos contra a discriminación cara ás persoas LGTBI.

8.- SERVICIOS PÚBLICOS CHEOS DE ORGULLO

Os servizos públicos deben garantir a universalidade, acceso e equidade de todas as persoas, para iso é fundamental reforzar o investimento nos servizos públicos. Consideramos prioritario garantir a presenza e plena participación das persoas LGTBI en todos os niveis e sectores dos servizos públicos removendo os obstáculos que perpetúan as situacións de discriminación laboral.

